

Convocatoria da Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial para o día 22 de xullo de 2020

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial na sesión extraordinaria de organización do 16 de xullo de 2019, durante o mandato 2019-2023 a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial, debe realizar sesión ordinaria os mércores da semana anterior á realización do Pleno ordinario de cada mes.

DISPOÑO:

Convocar a Comisión Informativa de Transparencia e Administración Provincial en sesión ordinaria, para o **día 22 de xullo de 2020**, ás 17.00 horas, a celebrar no Salón de Plenos do Pazo Provincial, e coa seguinte orde do día:

1. 2020/27H/CI NEGOCIADO DE SECRETARÍA XERAL

Aprobación da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do 17 de xuño de 2020.

2. 2020/19046H PRESIDENCIA

Ratificación do acordo da Xunta de Goberno do 29 de xuño de 2020, de aprobación da adhesión da Deputación Provincial de Ourense á Rede de Entidades Locais para o desenvolvemento dos ODS da Axenda 2030

3. 2020/20191J PRESIDENCIA

Autorización ao deputado provincial Rafael Rodríguez Villarino para compatibilizar o exercicio do seu cargo en réxime de dedicación exclusiva co desempeño a tempo parcial do posto de traballo de profesor asociado T3 - P5 na Universidade de Vigo.

4. MOCIÓN DE URXENCIA.

5. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina a Presidencia da Comisión, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica deste documento. Dou fe.